

# CONCELLO DE XOVE

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 25 DE MARZO DE 2014.

### **Asistentes:**

#### **Alcalde-Presidente:**

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

#### **Vocais:**

D<sup>a</sup> Ana María Abad López

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Dolores Meitin Guerreiro

D<sup>a</sup> Cristina Iglesias Guerreiro

#### **Secretario:**

D. Luís M<sup>a</sup> Fernández del Olmo

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dez horas e trinta minutos do día vinte e cinco de marzo de dous mil catorce, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, coa asistencia dos Sres. concelleiros á marxe relacionados, do Secretario, D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebrar a sesión extraordinaria correspondente a este día, previa convocatoria ó efecto e en primeira convocatoria.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde declarouse

aberta a sesión.

### **A) APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.**

De seguido, polo Sr. Alcalde, pregúntase ós asistentes si teñen algunha observación que formular á acta da sesión anterior de 18 de febreiro de 2014.

Non formulándose ningunha reclamación, queda aprobada por unanimidade a acta da sesión anterior de 18 de febreiro de 2014.

### **B) LICENCIAS DE OBRA E APERTURA**

#### **B.1) SOLICITUDE DE D<sup>a</sup> MARÍA RAQUEL LOSADA CASAS, PARA LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR EN MORÁS.**

Vista solicitude formulada por D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Raquel Losada Casas con D.N.I. n<sup>o</sup>77.593.932-M con domicilio en Barreiro, 15 (27878 Morás) na que pide a expedición de certificación de licenza de primeira ocupación, para vivenda sita en Barreiro, 15 (Morás).

Ref. Catastral: 27025A0080071700001KK

Visto informe do Arquitecto Técnico Municipal, no que sinala en relación ás obras a cal licenza de 1<sup>a</sup> utilización se solicita o seguinte:

*OBRA PREVISTA EN PROXECTO: Rehabilitación dunha vivenda unifamiliar no lugar de Barreiro.-XOVE.- Vivenda unifamiliar composta de planta baixa e unha altura.*

*OBRA EXECUTADA: Vivenda unifamiliar composta de planta baixa e unha altura, con modificación dalgúns dos materias compatibles coas condicións da licenza outorgada.*

*Obra totalmente executada e en condicións de habitabilidade e uso.*

*INFORMA: Que a execución material das obras salientadas atópanse realizadas, de acordo ás prescricións técnicas pertinentes e cumpren coas condicións mínimas de habitabilidade de acordo co Decreto 311/1992 do 12 de novembro da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, e de acordo co Decreto 29/2010 de 4 de marzo da Xunta de Galicia.*

*O volume e superficie da obra executada, é coincidente co proxecto presentado mediante o cal se obtivo a pertinente licenza municipal.*

*A edificación, atópase executada na súa totalidade, e adáptase á vixente Normativa urbanística do Concello de Xove. Ordenanza de Aplicación. -Solo Non Urbanizable de Núcleo Rural. -A obra executada, adáptase a Normativa. -*

*Vivenda totalmente executada, rematada interiormente, e pintada exteriormente, podéndose outorgar a correspondente licenza de primeira utilización.*

- *Presuposto proxecto de execución -liquidación final: 67.000,00€*
- *Valoración licenza primeira utilización 0,5% s/p 335,00€.*
- *Observacións: Deberase solicitar entroncamento municipal de auga.*

Visto o disposto na Ordenanza Reguladora, pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A concesión de licenza de primeira ocupación, de vivenda sita en Barreiro, 15 (Morás) que se realizou baixo a dirección facultativa e de acordo co proxecto para o que foi concedido licenza, toda vez que xa foi informado favorablemente polo Arquitecto Técnico Director das obras a que se fixo referencia, e conforme á certificación achegada.

2º) A aprobación da liquidación practicada según a fixación efectuada polo Arquitecto Técnico Municipal.

3º) A expedición de licenza de Primeira ocupación, efectuándose a valoración das taxas según importe de proxecto e ascendendo estas a 335,00 €.

4º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva previo pago da taxa correspondente, debendo efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

### **C) CONTAS E FACTURAS**

Neste punto non se adoptou ningún acordo.

### **D) OUTROS ASUNTOS DE GOBERNO MUNICIPAL**

#### **D.1) EXPEDIENTE INICIADO NO PLAN DE EMPREGO PARA O ANO 2014 DE PANADERÍA CRUZ DO LOBO S.L.U. PARA CRISTIAN IGLESIAS MARIÑO.**

A proposta da Alcaldía, e á vista da solicitude formulada polo traballador e polo empresario, respectivamente, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A adxudicación da axuda ó abeiro do Plan de Emprego para o ano 2014 que se relaciona seguidamente:

<b>Empresa</b>	<b>Traballador</b>
<b>Panadería Cruz do Lobo S.L.U.</b> Cruz do Lobo, nave 6 P.14 (27780 Barreiros)	Cristián Iglesias Mariño Villalpol, 16 (27877 Portocelo)

2º) A subvención que se concede réxese polas vixentes bases aprobadas por este Concello.

3º) A notificación á empresa e traballador, os efectos oportunos.

#### **D.2) EXPEDIENTE INICIADO NO PLAN DE EMPREGO PARA O ANO 2014 DE ESTACION DE SERVIZO ROMA S.L. PARA ROSA Mª RODRIGUEZ DOMINGUEZ E Mª CARMEN VILLAR LOZANO.**

A proposta da Alcaldía, e á vista da solicitude formulada polas traballadoras e polo empresario, respectivamente, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A adxudicación da axuda ó abeiro do Plan de Emprego para o ano 2014, e de conformidade coas bases que o regulan para o empresario e coas traballadoras que se relaciona seguidamente:

<b>Empresa</b>	<b>Traballadoras</b>
<b>Estación de Servicio Roma S.L.</b> R/ Conde Pallares, 46-52 (27800 Vilalba)	Rosa Mª Rodríguez Domínguez Ceranzos, 7 (27877 Xuances)
	Mª Carmen Villar Lozano C/ Apeadero, 35 1ºD (27870 Xove)

2º) A subvención que se concede réxese polas vixentes bases aprobadas por este Concello.

3º) A notificación á empresa e traballadoras, os efectos oportunos.

#### **D.3) EXPEDIENTE PRORROGADO NO PLAN DE EMPREGO PARA O ANO 2014 DE SUBVENCIÓN A EPTISA S.L. PARA ADRIÁN VÁZQUEZ FERNÁNDEZ.**

A proposta da Alcaldía, e á vista da solicitude formulada polo empresario e para o traballador, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A adxudicación da axuda ó amparo do Plan de Emprego para o ano 2014 e de conformidade coas bases que o regulan como prórroga para o empresario e co traballador que se relaciona seguidamente:

Empresa	Enderezo	Traballador/a	Enderezo
Eptisa Servicios de Ingeniería S.L.	Ronda Xosé Castiñeira, 17 Ent. B 27002 Lugo	Adrián Vázquez Fernández	Gondar, 5 (27879 Monte)

2º) A subvención que se concede réxese polas bases aprobadas por este Concello.

3º) A notificación á empresa e traballador, os efectos oportunos.

#### **D.4) EXPEDIENTE PRORROGADO NO PLAN DE EMPREGO PARA O ANO 2014 DE SUBVENCIÓN A INSUIÑA S.L.**

A proposta da Alcaldía, e á vista da solicitude formulada polo empresario e para os traballadores, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A adxudicación da axuda ó amparo do Plan de Emprego para o ano 2014 e de conformidade coas bases que o regulan como prórroga de 2011 para o empresario e cos traballadores que se relaciona seguidamente:

Empresa	Enderezo	Traballador/a	Enderezo
Insuiña S.L.	Praia de Lago, S/N 27878 Lago – Xove	Mª Concepción Quelle Abad	Poceiras, 12 P01 (27878 Sumoas)
		Mª Isabel Rodríguez Míguez	Vila, 1 (27879 Rigueira)
		Francisco José Sánchez Villarquide	Camposusao, 41 (27877 Xuances)

2º) A subvención que se concede réxese polas bases aprobadas por este Concello, en sesión de 11 de xaneiro de 2007.

3º) A notificación á empresa e traballadores, os efectos oportunos.

#### **D.5) EXPEDIENTE PRORROGADO NO PLAN DE EMPREGO PARA O ANO 2014 DE SUBVENCIÓN A Mª ANTONIA GUERREIRO (CASA JAIME)**

A proposta da Alcaldía, e á vista da solicitude formulada polo empresario e para a traballadora, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A adxudicación da axuda ó amparo do Plan de Emprego para o ano 2014 e de conformidade coas bases que o regulan para o empresario e coa traballadora que se relaciona seguidamente:

Empresa	Enderezo	Traballadora	Enderezo
Mª Antonia Guerreiro (Casa Jaime)	Avda. Diputación, 76 27870 Xove	Mª Isabel Louzao García	c/ Tomás Mariño Pardo, 10 1º A (27870 Xove)

2º) A subvención que se concede réxese polas bases aprobadas por este Concello, en sesión de 11 de xaneiro de 2007.

3º) A notificación á empresa e traballadora, os efectos oportunos.

#### **D.6) EXPEDIENTE PRORROGADO NO PLAN DE EMPREGO PARA O ANO 2014 DE SUBVENCIÓN A PELUQUERÍA EUGENIA PARA PAMELA FERREIRA LÓPEZ.**

A proposta da Alcaldía, e á vista da solicitude formulada pola empresaria e para a traballadora, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A adxudicación da axuda ó amparo do Plan de Emprego para o ano 2014 e de conformidade coas bases que o regulan para a empresaria e coa traballadora que se relaciona seguidamente:

Empresa	Enderezo	Traballador/a	Enderezo
Peluquería Eugenia	C/ Tomás Mariño Pardo, 1 (27870 Xove)	Pamela Ferreira López	Lamaboa, 15 (27870 Xove)

2º) A subvención que se concede réxese polas bases aprobadas por este Concello, en sesión de 11 de xaneiro de 2007.

3º) A notificación á empresa e traballadora, os efectos oportunos.

#### **D.7) PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL.- LIBRAMENTO DE AXUDA CONCEDIDA.**

Vistos o expedientes incoado ó efecto, e a documentación achegada polo solicitante, referida ó exercicio de 2013, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) O libramento da axuda concedida segundo as bases establecidas ó efecto para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente, a teor da xustificación documental que se xunta:

<b>Nome do perceptor</b>	<b>Contratación subvencionada</b>	<b>Períodos</b>	<b>Contía</b>
Onde Sempre C.B. Avda. Diputación, 28 baixo (27870 Xove)	Noemí Rodríguez Díaz Avda. Diputación, 35 3º (27870 Xove)	Maio (15 d.) + xuñ- dec 2013	1.312,45 €

2º) Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados.

#### **D.8) PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL.- LIBRAMENTO DE AXUDA CONCEDIDA.**

Vistos o expedientes incoado ó efecto, e a documentación achegada pola solicitante, referida ó exercicio de 2013, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) O libramento da axuda concedida segundo as bases establecidas ó efecto para a beneficiaria e pola contía que se relaciona seguidamente, a teor da xustificación documental que se xunta:

<b>Nome do perceptor</b>	<b>Contratación subvencionada</b>	<b>Períodos</b>	<b>Contía</b>
<b>Peluquería Eugenia</b> C/Tomás Mariño Pardo, 1 (27870 Xove)	Pamela Ferreira López Lamaboa, 15 (27870 Xove)	Xaneiro-Decembro de 2013	1.202,00 €

2º) Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados.

#### **D.9) PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL.- LIBRAMENTO DE AXUDA CONCEDIDA A EMPRESARIO AUTÓNOMO.**

Vistos os expedientes incoados ó efecto, e a documentación achegada polo solicitante, referida ó exercicio de 2013 por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) O libramento da axudas concedida segundo as bases establecidas ó efecto para o beneficiario e polas contía que se relaciona seguidamente, a teor da xustificación documental que se xunta:

<i>Nome do autónomo</i>	<i>Actividade</i>	<i>Períodos</i>	<i>Contía</i>
<b>Guillermo Rego Canoura</b> Camiño Real, 36 2º Izq. (27870 Xove)	Traballos Forestais	Xuño-decembro 2013	2.850,00€

2º) Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados.

#### **D.10) PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL.- LIBRAMENTO DE AXUDA CONCEDIDA A EMPRESARIO AUTÓNOMO.**

Vistos os expedientes incoados ó efecto, e a documentación achegada polo solicitante, referida ó exercicio de 2014 por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) O libramento da axudas concedida segundo as bases establecidas ó efecto para o beneficiario e polas contía que se relaciona seguidamente, a teor da xustificación documental que se xunta:

<i>Nome do autónomo</i>	<i>Actividade</i>	<i>Períodos</i>	<i>Contía</i>
-------------------------	-------------------	-----------------	---------------

Antonio Pérez Gradaille Lavandeiras, 18 2º (27870 Xove)	Carpintería	Maiο 2012 a dec 2013	3.000 €
---------------------------------------------------------------	-------------	----------------------	---------

2º) Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados.

#### **D.11) AXUDA DE GANDERÍA A Dª MARÍA LOURDES DOMINGUEZ BERMUDEZ.**

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A Dª María Lourdes Domínguez Bermúdez con D.N.I. nº 33.302.107-Q, con domicilio en Cabandela, 34 (27878 Sumoas) por morte de un xato, por importe de 200,00 €.

#### **D.12) AXUDA DE GANDERÍA A Dª Mª CARMEN SANCHEZ LABAYÉN .**

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A Dª Mª Carmen Sánchez Labayén con D.N.I. nº 76.545.519-R, con domicilio en San Cristobo, 22 (27877 Portocelo) por morte de un xato, por importe de 300,00 €.

#### **D.13)EXPEDIENTE PRORROGADO NO PLAN DE EMPREGO PARA O ANO 2014 DE SUBVENCIÓN A Mª OLIVA PENA PENA.**

A proposta da Alcaldía, e á vista da solicitude formulada pola empresaria e para a traballadora, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A adxudicación da axuda ó amparo do Plan de Emprego para o ano 2014 e de conformidade coas bases que o regulan como prórroga de 2011 para o empresario e co traballador que se relaciona seguidamente:

Empresa	Enderezo	Traballador/a	Enderezo
Mª Oliva Pena Pena	Avda. Cantarrana, 11 entrechán. 27850 Viveiro	Ana Mª Mariño Franco	Avda. Diputación, 12 3º B (27870 Xove)

2º) A subvención que se concede réxese polas bases aprobadas por este Concello, en sesión de 11 de xaneiro de 2007.

3º) A notificación á empresa e á traballadora, os efectos oportunos.

#### **D.14)EXPEDIENTE PRORROGADO NO PLAN DE EMPREGO PARA O ANO 2014 DE SUBVENCIÓN A Mª JOSEFA SOTO GARCÍA**

A proposta da Alcaldía, e á vista da solicitude formulada pola empresaria e para as traballadoras, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A adxudicación da axuda ó amparo do Plan de Emprego para o ano 2014 e de conformidade coas bases que o regulan para a empresaria e coas traballadoras que se relaciona seguidamente:

Empresa	Enderezo	Traballador/a	Enderezo
Mª Josefa Soto García	Avda. Diputación, 26 27870 Xove	Eugenia Victoria Casabella Fernández	C/ Dr. José Baamonde Illade, 22 1º (27870 Xove)
		Liliana Gonçalves Reis	Pumariño, 6 (27870 Xove)

2º) A subvención que se concede réxese polas bases aprobadas por este Concello, en sesión de 11 de xaneiro de 2007.

3º) A notificación á empresa e traballador, os efectos oportunos.

#### **D.15) PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL.- LIBRAMENTO DE AXUDA CONCEDIDA.**

Vistos o expedientes incoado ó efecto, e a documentación achegada polo solicitante, referida ó exercicio de 2013, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) O libramento da axuda concedida segundo as bases establecidas ó efecto para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente, a teor da xustificación documental que se xunta:

<b>Nome do perceptor</b>	<b>Contratación subvencionada</b>	<b>Períodos</b>	<b>Contía</b>
<b>M<sup>a</sup> Antonia Guerreiro (Casa Jaime)</b> Avda. Diputación, 76 (27870 Xove)	M <sup>a</sup> Isabel Louzao García C/ Tomás Mariño, 10 1º A (27870 Xove)	Xan-dec 2013	1.202,00 €

2º) Facultar á Alcaldía-Presidentencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados

#### **D.16) PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL.- LIBRAMENTO DE AXUDA CONCEDIDA.**

Vistos o expedientes incoado ó efecto, e a documentación achegada pola solicitante, referida ó exercicio de 2014, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) O libramento da axuda concedida segundo as bases establecidas ó efecto para a beneficiaria e pola contía que se relaciona seguidamente, a teor da xustificación documental que se xunta:

<b>Nome do perceptor</b>	<b>Contratación subvencionada</b>	<b>Períodos</b>	<b>Contía</b>
<b>María Oliva Pena Pena</b> Avda. Cantarrana, 11 Entr. (27850 Viveiro)	<i>Ana M<sup>a</sup> Mariño Franco</i> Avda. Diputación, 12 3º B (27870 Xove)	Xun-dec 2013	1.086,26 €

2º) Facultar á Alcaldía-Presidentencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados

#### **D.17) PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL.- LIBRAMENTO DE AXUDA CONCEDIDA.**

Vistos o expedientes incoado ó efecto, e a documentación achegada polo solicitante, referida ó exercicio de 2014, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) O libramento da axuda concedida segundo as bases establecidas ó efecto para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente, a teor da xustificación documental que se xunta:

<b>Nome do perceptor</b>	<b>Contratación subvencionada</b>	<b>Períodos</b>	<b>Contía</b>
Panadería Xove SLU A Vara, 3 Xuances (27877 Xove)	<i>M<sup>a</sup> José Maseda Salgueiro</i> Acc. Grupo Escolar, 5 1º (27870 Xove)	2013	1.779,11 €

2º) Facultar á Alcaldía-Presidentencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados

#### **D.18) PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL.- LIBRAMENTO DE AXUDA CONCEDIDA.**

Vistos o expedientes incoado ó efecto, e a documentación achegada polo solicitante, referida ó exercicio de 2014, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) O libramento da axuda concedida segundo as bases establecidas ó efecto para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente, a teor da xustificación documental que se xunta:

Nome do perceptor	Contratación subvencionada	Períodos	Contía
CatyCris S.L. Avda. Diputación, 26 (27870 Xove)	<i>M<sup>a</sup> Luz Vázquez Rivas</i> Avda. Diputación, 25 3º D 27870 Xove	Maio-dec 2013	469,42 €

2º) Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados

#### **D.19) PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL.- LIBRAMENTO DE AXUDA CONCEDIDA.**

Vistos o expedientes incoado ó efecto, e a documentación achegada polo solicitante, referida ó exercicio de 2014, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) O libramento da axuda concedida segundo as bases establecidas ó efecto para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente, a teor da xustificación documental que se xunta:

Nome do perceptor	Contratación subvencionada	Períodos	Contía
<b>Nilo López Martínez</b> Avda. Diputación, 26 (27870 Xove)	<i>Liliana Gonçalves Reis</i> Pumariño, 6 (27870 Xove)	Xaneiro- septembro 2013	901,53 €

2º) Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados

#### **D.20) PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL.- LIBRAMENTO DE AXUDA CONCEDIDA.**

Vistos o expedientes incoado ó efecto, e a documentación achegada polo solicitante, referida ó exercicio de 2014, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) O libramento da axuda concedida segundo as bases establecidas ó efecto para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente, a teor da xustificación documental que se xunta:

Nome do perceptor	Contratación subvencionada	Períodos	Contía
<b>M<sup>a</sup> Josefa Soto García</b> Avda. Diputación, 26 (27870 Xove)	<i>Eugenia Victoria Casabella Fernández</i> C/ Dr. José Baamonde Illade, 22 1º (27870 Xove)	Xan- dic 2013	1.502,51 €
	<i>Liliana Gonçalves Reis</i> Pumariño, 6 (27870 Xove)		

2º) Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados

#### **D.21) PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL.- LIBRAMENTO DE AXUDA CONCEDIDA.**

Vistos o expedientes incoado ó efecto, e a documentación achegada polo solicitante, referida ó exercicio de 2014, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) O libramento da axuda concedida segundo as bases establecidas ó efecto para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente, a teor da xustificación documental que se xunta:

Nome do perceptor	Contratación subvencionada	Períodos	Contía
<b>Reparaciones y Reformas Os Castros</b>	<i>Jonatan Secades Ramón</i> Carballás, 5	2013	1.622,06 €

<b>S.L.</b> Avda. Cantarrana, 8 Entr. 27850 Covas Viveiro	(27870 Xove)		
-----------------------------------------------------------------	--------------	--	--

2º) Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados

**D.22) APROBACIÓN DE LIBRAMENTO DE SUBVENCIÓN Ó CENTRO SOCIAL DE CAMBA-XUANCES DE CONFORMIDADE CO CONCURSO DE EXPLOTACIÓN DO SERVIZO DE CAFÉ-BAR.**

Vista solicitude formulada por D<sup>a</sup>. Susana Mariño Parapar, con D.N.I. nº 76.569.629 F, con enderezo no Camba, 22 (27877 Xuances), na que manifesta que durante o período comprendido entre o **01/09/2013 ó 28/2/2014**, produciuse unha perda ou déficit no mesmo segundo xustifica, polo que de conformidade coas bases da contratación da explotación do servizo de café-bar no Centro Social epigrafiado, solicita o libramento da subvención prevista ó efecto.

Pola Xunta de Goberno Local, previa deliberación, visto o sinalado no contrato no que se establece a subvención máxima anual a percibir por importe de 3.000€ e visto que transcorreron seis meses da actividade, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A aprobación do libramento do importe de 1.500€ correspondentes ó 50% do importe máximo da subvención prevista para o presente exercicio a tenor da falta de rentabilidade e explotación do centro antedito e polo carácter social das actividades que se desempeñan no local municipal referido.

2º) Procederase no seu caso, trala nova xustificación documental do desequilibrio económico na concesión referida transcorrido outro período de seis meses ó libramento da porcentaxe pendente de subvención.

**D.23) CONCESION DE PREMIOS DO CONCURSO DE CARETAS DE ANTROIDO 2014.**

Visto o informe-proposta redactado polo Técnico Municipal de Cultura, consonte ó establecido na base sétima das que regulan os premios do Concurso de Caretas de Antroido, pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º) A Concesión dos premios reflectidos no informe-proposta do Técnico Municipal de Cultura que a seguir se transcribe:

*D. Mario Eijo Barro, Técnico Municipal de Cultura e Comunicación do Concello de Xove, tomando en conta a acta do xurado do concurso de caretas 2014 en Xove **INFORMA** que segundo os datos obrantes no meu poder, a relación de premiados/as Concurso de Caretas 2014, é a seguinte:*

1º.- *Categoría Preescolar (3, 4 e 5 anos):*

- 1º Premio: (REX. Nº 9 ) *Carla Casabella Puñal.*
- 2º Premio: (REX. Nº 17) *Berta Barro Álvarez.*
- 3º Premio: (REX. Nº 5) *Yoel Lópèz González.*

2º.- *Categoría 1º e 2º de Primaria:*

- 1º Premio: (REX. Nº 14) *Cora Buján Rouco.*
- 2º Premio: (REX. Nº 11) *Iago Pérez Teijeira.*
- 3º Premio: (REX. Nº 13) *Enma Buján Rouco.*

3º.- *Categoría 3º e 4º de Primaria:*

- 1º Premio: (REX. Nº 16) *Joel González Rodríguez.*
- 2º Premio: (REX. Nº 7) *Joel Míguez Castelo.*
- 3º Premio: (REX. Nº 20) *Alejandro Parapar Fernández.*

4º.- *Categoría 5º e 6º de Primaria:*

- 1º Premio: (REX. Nº 2) *Claudia Magalhães Rodríguez.*
- 2º Premio: (REX. Nº 12) *Rocío Fernández Silva.*
- 3º Premio: (REX. Nº 4) *Julia Lópèz Formoso.*

5º.- *Categoría 1º a 4º de ESO:*



- 1º Premio: (REX. Nº 6) Lara Míguez Castelo.
- 2º Premio: (REX. Nº 3) Miguel López Formoso.
- 3º Premio: (REX. Nº ) Deserto.

#### **D.24) CONCESION DE PREMIOS DO DESFILE DE ANTROIDO 2014.-**

Visto o informe-proposta redactado polo Técnico Municipal de Cultura, consonte ó establecido nas bases do Concurso de desfile de Antroido, pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º) A Concesión dos premios reflectidos no informe-proposta do Técnico Municipal de Cultura que a seguir se transcribe:

*D. Mario Eijo Barro, Técnico Municipal de Cultura e Comunicación do Concello de Xove, tomando en conta a acta do xurado do concurso do Desfile de Antroido 2014 en Xove, da cal adxunto unha copia,*

**INFORMA:**

*Que segundo os datos obrantes no meu poder, a relación de premiados do Desfile de Antroido 2014, é a seguinte:*

<b>NOME – DNI</b>	<b>PREMIO</b>
JACOBO DÍAZ MEITÍN DNI: 33996813F	1º premio carrozas: 450 €
NOELIA PINAR RODRÍGUEZ DNI: 33.996.234ª	2º premio carrozas:250 €
RAQUEL SANTOS COCIÑA DNI: 33.998.455 Q	3º premio carrozas:150 €
MARIA ISABEL PERNAS FRA DNI: 34636336 S	3º premio carrozas:150 €
Mª ELENA SANTOS COCIÑA DNI: 77.594.684 K	3º premio carrozas:150 €
MONTSERRAT SÁNCHEZ CANOURA DNI: 33.993.853 Z	1º premio comparsas e grupos de 10 ou máis persoas:250 €
ROCÍO RAMOS RUBAL DNI: 33.999.419 Z	2º premio comparsas e grupos de 10 ou máis persoas:200 €
HERMINIO QUELLE BARRO DNI: 33.842401-V	3º premio comparsas e grupos de 10 ou máis persoas:125 €
Mª OLIVA DÍAZ RODRÍGUEZ DNI: 33.304.910J	3º premio comparsas e grupos de 10 ou máis persoas:125 €
Mª DOLORES MEITÍN GUERREIRO DNI: 33996864N	1º premio grupos de 3 a 9 persoas: 110 €
Mª REMEDIOS GOAS EXPÓSITO DNI: 77.593.103 G	2º premio grupos de 3 a 9 persoas: 80 €
LINO REGO FOLGUEIRA DNI: 33.322.912Y	3º premio grupos de 3 a 9 persoas: 50 €
BEGOÑA FERNANDEZ NOVO DNI: 33.991.734 B	3º premio grupos de 3 a 9 persoas: 50 €
MARÍA JOSÉ OLIVER ALONSO DNI: 77.594.720 B	1º premio de parellas:60 €.
ADRIÁN MARIÑO SALGUEIRO DNI: 33996949M	2º premio de parellas:50 €.
TERESA LESTEGÁS GÓMEZ DNI: 77.594.324Y	3º premio de parellas:40 €.
Mª REMEDIOS GOAS EXPÓSITO DNI: 77.593.103 G	3º premio de parellas:40 €.
TERESA LESTEGÁS GÓMEZ DNI: 77.594.324Y	1º premio individual adultos:50 €.
MARÍA JOSÉ CASABELLA ROLLE DNI: 33.998.662 Q	1º premio individual infantil nenos:40 €.
MARÍA JOSÉ CASABELLA ROLLE DNI: 33.998.662 Q	2º premio individual infantil nenos:30 €.
Mª REMEDIOS GOAS EXPÓSITO DNI: 77.593.103 G	3º premio individual infantil nenos:20 €.

MARÍA JOSÉ BELLAS LÓPEZ DNI: 77595224D	3º premio individual infantil nenos:20 €.
MARÍA JOSÉ OLIVER ALONSO DNI: 77.594.720 B	1º premio individual infantil nenas:40 €.
IVANA OTERO MÍGUEZ DNI: 33997744H	2º premio individual infantil nenas:30 €.
MARÍA JOSÉ RUBIDO FOJO DNI: 33.995884K	3º premio individual infantil nenas:20 €.
ASPANANE CELEIRO DNI: G2702728	premio á orixinalidade: 30 €
Mª ELENA SANTOS COCIÑA DNI: 77.594.684 K	premio ao máis maior: 30 €
MONTSERRAT SÁNCHEZ CANOURA DNI: 33.993.853 Z	premio ao grupo máis numeroso: 30 euros

#### **D.25) AXUDA DE GANDERÍA A Dª MARÍA LOURDES DOMÍNGUEZ BERMUDEZ.**

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A Dª Mª Lourdes Domínguez Bermúdez con D.N.I. nº 33.302.107-Q , con domicilio en Cabandela, 34 (Sumoas) por morte de un xato ó nacer, por importe de 120,00 €.

#### **D.26) AXUDA DE GANDERÍA A Dª AMELIA PÉREZ GARCÍA .**

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A Dª Amelia Pérez García con D.N.I. nº 77.591.664-Z , con domicilio en Gondar, 12 (27870 Monte) por morte de un xato ó nacer, por importe de 120,00 €.

#### **D.27)EXPEDIENTE INICIADO NO PLAN DE EMPREGO PARA O ANO 2014 DE ONDE SEMPRE C.B. PARA SAMIRA HOUSNI JABARAT**

A proposta da Alcaldía, e á vista da solicitude formulada pola traballadora e polo empresario, respectivamente, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A adxudicación da axuda ó abeiro do Plan de Emprego para o ano 2014, e de conformidade coas bases que o regulan para o empresario e coa traballadora que se relaciona seguidamente:

<b>Empresa</b>	<b>Traballadora</b>
Onde Sempre C.B. Avda. Diputación, 28 baixo (27870 Xove)	<i>Samira Housni Jabarat</i> R( Acc. Grupo Escolar, 19 3º Izda. (27870 Xove)

2º) A subvención que se concede réxese polas bases aprobadas por este Concello.

3º) A notificación á empresa e á traballadora, os efectos oportunos.

#### **D.28)EXPEDIENTE INICIADO NO PLAN DE EMPREGO PARA O ANO 2014 DE PANADERÍA CRUZ DO LOBO S.L.U. PARA CRISTIAN IGLESIAS MARIÑO.**

A proposta da Alcaldía, e á vista da solicitude formulada polo traballador e polo empresario, respectivamente, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A adxudicación da axuda ó abeiro do Plan de Emprego para o ano 2014, e de conformidade coas bases que o regulan para o empresario e co traballador que se relaciona seguidamente:

<b>Empresa</b>	<b>Traballador</b>
Panadería Cruz do Lobo, S.L.U. Cruz do Lobo, nave 6 P14 (27790 Barreiros)	<i>Cristián Iglesias Mariño</i> Villalpol, 16 (27877 Portocelo)

2º) A subvención que se concede réxese polas vixentes bases aprobadas por este Concello.

3º) A notificación á empresa e traballador, os efectos oportunos.

### **D.29) SOLICITUDE DO CLUB NATACION XOVE DE SUBVENCIÓN PARA POTENCIA-LO DEPORTE DA NATACIÓN.**

Visto a solicitude de D<sup>a</sup> María Jesús Díaz Martínez, como Presidenta do Club Natación Xove, con CIF: G27106749 e domicilio a efectos de notificación en Centro Cívico SN (Xove).

Visto que na Base 31 das de Execución do Orzamento municipal para o exercicio 2014 se prevé unha subvención de carácter nominativo ou directo para a devandita asociación/clube por importe de 20.000 €.

Visto que a documentación presentada cumpre con todos os requisitos establecidos na Base 32.

Visto o conforme da Interventora municipal acreditando a existencia de crédito na partida 341,489.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A concesión da subvención económica nominativa por importe de 20.000€ para a actividade de natación entre setembro de 2013 a xullo de 2014.

2º) De acordo coa Base 33 das de Execución do Orzamento Municipal para 2014, o libramento en concepto de anticipo da cantidade de 14.000 €, correspondente ó 70% da subvención concedida.

No caso de que o beneficiario non xustifique de xeito debido a subvención concedida, deberá proceder ao reintegro do anticipo abonado, que se considerará ingreso de dereito público, podendo esixirse de ser necesario pola vía de constrinximento, con independencia das responsabilidades a que houbera lugar.

3º) Establecer como obrigas do beneficiario da axuda todas as relacionadas no artigo 7 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove.

4º) Establecer, consonte ao disposto na Base 35 das de Execución do Orzamento Municipal para 2014, o seguinte réxime de xustificación da subvención:

- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Unha relación desagregada de cada un dos gastos realizados con motivo da actividade subvencionada (distinguindo entre gasto total e gasto subvencionable).
- Facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa (nóminas, TCS, cartas de pagamento oficiais, etc.). As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos para a súa expedición no R.D. 1496/2003, ademais de estar datadas no período subvencionable.
- Deberá aportarse o orixinal que será obxecto de unha estampilla. O estampillado consistirá nunha impresión sobre o documento orixinal da expresión “documento xustificativo da subvención outorgada polo Concello de Xove para .....”. Unha vez estampillada a factura, efectuarase copia cotexada da mesma aos efectos da devolución do documento orixinal ao beneficiario.

Con carácter excepcional aceptárase a xustificación do pagamento mediante “recibín” do provedor para gastos de escasa contía por importes inferiores a 50 euros.

Caso de que unha parte da documentación presentada para a xustificación da subvención consista na concesión de premios, esta deberá ir asinada polo perceptor do premio mailo representante legal da entidade beneficiaria da axuda.

De acordo co artigo 31.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, considerarase como gasto realizado aquel gasto do que se teña constancia documental sen necesidade de que figure efectivamente pagado no momento da xustificación da subvención. Non obstante, todo beneficiario dunha subvención nominativa do Concello deberá presentar os documentos acreditativos do pagamento dos gastos presentados como xustificante antes do 20 de decembro do ano correspondente. Entenderase por documento acreditativo de pagamento, extracto ou certificación bancaria de transferencia, salvo que se trate de pagos inferiores a

100 euros no que se admitirá a expresión “pagado” estampillada na factura polo establecemento comercial correspondente. A estes efectos, en ningún caso poderá obter a condición de beneficiario dunha nova subvención municipal aquela asociación que non tivera presentado os xustificantes de pago correspondentes.

- Relación desagregada de todos os ingresos que financian a actividade (fondos propios, axuda concedida do Concello, outras axudas, etc.)

No seu caso, un exemplar da documentación impresa xerada pola actividade que acredite a participación do Concello no financiamento da actividade subvencionada.

- Certificados acreditativos de non ser debedor á Facenda Estatal, Autonómica, Seguridade Social nin ao Concello de Xove. Non obstante, no momento da solicitude da subvención, o petionario deberá indicar se autoriza ou non ao Concello de Xove para a obtención de oficio destes certificados.
- Consonte ó artigo 24 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, para axudas de importe inferior a 3.000,00 €, non se esixirán estas certificacións, que serán substituídas por unha nova declaración de non ter débedas pendentes con aqueles organismos.
- Declaración xurada de outras axudas solicitadas ou concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados para o mesmo fin.
- Certificación acreditativa do cumprimento dos requisitos e condicións da subvención así como da realización da actividade ou proxecto subvencionable e o cumprimento da finalidade para a que aquela foi concedida. (Modelo que se facilitarán ao efecto).
- Certificación acreditativa de que o importe do IVE dos gastos en que se incurriu non resulta recuperable por ningún concepto de acordo coa lexislación vixente (modelo que se facilitará ao efecto).

A xustificación das subvencións deberá realizarse antes do 20 de decembro do ano correspondente.

Toda a documentación presentada deberá vir asinada polo representante legal da entidade ou asociación.

### **D.30) SOLICITUDE DE D. ANTONIO ALONSO PITA PARA CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA MUNICIPAL DE AUTOTAXI NUM 2.**

Por Secretaría, dáse conta da solicitude formulada por D. Antonio Alonso Pita con D.N.I. nº 33.303.317 e domicilio en A Vara, 15 (Xuances), no que manifesta que é titular da licenza municipal número 2 de AutoTaxi, e que desexa ceder a referida licenza a D. Antonio Maseda Meitin, con DNI: 34.737.466-H con domicilio en Avda. Diputación, 69 1º C (27870 Xove).

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

- 1º) Os efectos do disposto no Art. 17 da Lei 4/2013 de 30 de maio de Transporte Público de Persoas en Vehículos de Turismo De Galicia, autoriza-la transmisión da licenza de taxi referenciada, os efectos de efectua-la nova inscrición de titularidade no Rexistro de Títulos habilitantes de xeito que a persoa interesada poda solicitar da Dirección Xeral da Xunta de Galicia, a transmisión da autorización de taxi.
- 2º) Notificar o presente acordo ó interesado, e tramita-la inscrición no Rexistro de Títulos habilitantes, anteriormente citada.
- 3º) Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.

### **D.31) APROBACION DAS BASES REGULADORAS DO CONCURSO DE CONFECCIÓN DUN ANAGRAMA PARA O DEPORTE MUNICIPAL E CONVOCATORIA DO MESMO.**

Por Secretaría dáse conta das bases do concurso de CONFECCIÓN DUN ANAGRAMA PARA O DEPORTE MUNICIPAL elaborado pola Delegación Municipal de Deportes, e que se transcriben de seguido:

## **“BASES REGULADORAS DO CONCURSO DE CONFECCIÓN DE UN ANAGRAMA PARA O DEPORTE MUNICIPAL**

O Concello de Xove, consonte ao previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e no que sexa de aplicación, os RD 887/2006, de 21 de xullo e Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, e ao obxecto de incentivar a participación cidadá no deseño de logos institucionais, establece as normas reguladoras da participación, as axudas económicas e dos premios que se outorgarán aos participantes que interveñan nos citados actos, de acordo coas seguintes

### **BASES**

#### **PRIMEIRA.- DEFINICIÓN DO OBXECTO**

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento aplicable para o outorgamento do premio do concurso de deseño dun anagrama, logo ou similar do Deporte Municipal organizado polo Concello de Xove.

#### **SEGUNDA.- REQUISITOS DOS PARTICIPANTES**

Poderá participar no concurso e ser beneficiario deste premio calquera persoa que practique algunha modalidade deportiva dentro das diferentes Asociacións Deportivas inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións así como nas Escolas Deportivas Municipais.

A documentación a presentar será a seguinte:

- Ficha de inscrición establecida ao efecto con número de Rexistro.
- Fotocopia do DNI do autor-a
- Certificación expedida pola asociación deportiva ou departamento de deportes do Concello (no caso das Escolas Municipais) no que conste que o participante está rexistrado como socio.
- Anagrama, logo ou similar en formato impreso e/ou dixital.
- Ficha Técnica (breve descrición do logo ou anagrama)
- No caso de participantes menores de idade, deberase entregar ademais unha fotocopia do DNI do pai/nai/titor-a.

#### **TERCEIRA.- NORMAS DE ELABORACIÓN DO ANAGRAMA OU LOGO.**

- Temática: O anagrama, logo ou similar deberá estar relacionado coa Actividades Física e o Deporte.
- Os deseños deberán ser orixinais e inéditos realizados polos propios participantes. En ningún caso se aceptarán deseños copiados ou realizados por persoas distintas das participantes. No caso de que a organización comprobe algunha irregularidade na presentación dos deseños (copias ou non autoría) suporá a inmediata eliminación do participante no concurso.

- Cada participante poderá entregar un único deseño.

#### REQUISITOS DESEÑOS PRESENTADOS EN PAPEL:

- Máximo 4 cores
- Tamaño máximo formato impreso: 50x40cm

#### REQUISITOS DESEÑOS PRESENTADOS EN FORMATO DIXITAL:

- Mínimo 300 puntos por polgadas.

#### **CUARTA.- COMPOSICIÓN DO XURADO**

O xurado estará composto por dous membros de cada unha das Asociacións Deportivas Inscritas no Rexistro Municipal, así como os representantes da Xunta de Goberno Local do Concello de Xove.

#### **QUINTA.- CRÉDITO ORZAMENTARIO**

A contía máxima destinada ao presente premio é de 100€ (partida 341.481 do Estado de Gastos do Orzamento Municipal para 2014)

#### **SEXTA.- PREMIO**

Haberá unha única categoría.

O premio consistirán nun lote de libros, material escolar ou deportivo valorado en 100 euros.

*O autor cederá tódolos seus dereitos sobre a súa obra ao Concello de Xove. O anagrama, logo ou similar premiado será seleccionado como Logo institucional do Deporte do Concello de Xove.*

#### **SÉTIMA.- PROCEDIMENTO DE ENTREGA DE PREMIOS**

*Unha vez rematado o prazo de entrega, o xurado reunirse durante o mes de Xuño e levantará acta na que conste o premiado.*

*Sobre a acta do xurado, emitirase informe-proposta polo responsable do Departamento de Deportes do Concello de Xove, que se elevará á Xunta de Goberno Local, órgano competente para a concesión dos premios.*

*O fallo do xurado darase a coñecer durante a semana na que se realice a presentación da Iª GALA DO DEPORTE DO CONCELLO DE XOVE.*

*A entrega do premio ao gañador farase coincidir coa celebración de dita Gala.*

#### **OITAVA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

*A presentación da ficha de inscrición supón a aceptación incondicional das presentes bases e das condicións, requisitos e obrigas contidas nestas.*

*A concorrencia ao proceso de concesión de subvencións implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei Orgánica 15/99, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente á xestión e tramitación do expediente correspondente.*

*DISPOSICIÓN FINAL.-As presentes Bases permanecerán en vigor para os vindeiros exercicios en tanto en canto non se chegue a un acordo entre xurado na elección do anagrama, ou non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.*

*A Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:*

- 1º.- Aprobación das bases reguladoras da concesión de Premios do Concurso de Confección de un anagrama para o deporte municipal, así como a convocatoria para o exercicio 2014
- 2º.- Autorizar o gasto de 100,00 euros con cargo á partida 341.481 do Estado de Gastos para o exercicio de 2014.
- 3º.- Ordear a súa publicación na páxina web municipal e mediante anuncios no taboleiro de anuncios do concello ou calquera outro medio.
- 4º.- Aprobala convocatoria do concurso de referencia, nos termos e condicións que a seguir se relacionan:

#### **CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE PREMIOS DO CONCURSO DE CONFECCIÓN DUN ANAGRAMA PARA O DEPORTE MUNICIPAL**

*O Concello de Xove, dentro do marco das competencias que ten atribuídas pola lexislación vixente ten como obxectivo potenciar a participación cidadá no deseño de logos institucionais, e realiza para tal fin a convocatoria de premios do Concurso de Confección de un anagrama para o deporte municipal, coas seguintes especificacións:*

*1.- Entidade adxudicadora*

*a.- Organismo: Xunta de Goberno Local do Concello de Xove*

*b.- Departamento que tramita o expediente: Concellería de Deporte*

*2.- Obxecto*

*Concesión de premios do concurso de confección de un anagrama para o deporte municipal*

*3.- Orzamento e tramitación anticipada do gasto*

*A contía máxima prevista destinada aos presentes premios é de 100,00 €, con cargo á partida 341.481 do Estado de Gastos do Orzamento Municipal.*

*4.- Contía dos premios*

*Haberá unha única categoría.*

*O premio consistirán nun lote de libros, material escolar ou deportivo valorado en 100 euros.*

*O autor cederá tódolos seus dereitos sobre a súa obra ao Concello de Xove. O anagrama, logo ou similar premiado será seleccionado como Logo institucional do Deporte do Concello de Xove.*

*5.- Requisitos dos participantes*

*Poderá participar no concurso e ser beneficiario deste premio calquera persoa que practique algunha modalidade deportiva dentro das diferentes Asociacións Deportivas inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións así como nas Escolas Deportivas Municipais.*

*A documentación a presentar será a seguinte:*

- Ficha de inscrición establecida ao efecto con número de Rexistro.*
- Fotocopia do DNI do autor-a*
- Certificación expedida pola asociación deportiva ou departamento de deportes do Concello (no caso das Escolas Municipais) no que conste que o participante está rexistrado como socio.*
- Anagrama, logo ou similar en formato impreso e/ou dixital.*
- Ficha Técnica (breve descrición do logo ou anagrama)*
- No caso de participantes menores de idade, deberase entregar ademais unha fotocopia do DNI do pai/nai/titor-a.*

*Toda esta documentación entregárase no Rexistro de Entrada do Concello de Xove coa data límite do 31 de maio de 2014 inclusive.*

*6.- Procedemento de entrega de premios*

*Unha vez rematado o prazo de entrega, o xurado reunírase durante o mes de Xuño e levantará acta na que conste o premiado.*

*Sobre a acta do xurado, emitirase informe-proposta polo responsable do Departamento de Deportes do Concello de Xove, que se elevará á Xunta de Goberno Local, órgano competente para a concesión dos premios.*

*O fallo do xurado darase a coñecer durante a semana na que se realice a presentación da Iª GALA DO DEPORTE DO CONCELLO DE XOVE.*

*A entrega do premio ao gañador farase coincidir coa celebración de dita Gala.*

*8.-Outras informacións. Concelleira de Deporte e Turismo. Tlfo. 982.59.20.01*

**D.32) APROBACION DAS BASES REGULADORAS DO CONCURSO “LETRAS GALEGAS 2014” (LITERARIO E DE ARTES PLÁSTICAS) ORGANIZADO DENDE A BIBLIOTECA MUNICIPAL DE XOVE.**

Por Secretaría dáse conta das bases elaboradas con motivo da Celebración do Día das Letras Galegas 2014 para o concurso literario e de artes plásticas dende a Biblioteca Municipal, destinado a nenos/as do Concello dende 4º de Infantil ata 4º de ESO, e que se transcriben de seguido:

**CONCURSO LETRAS GALEGAS 2014**

*Con motivo da celebración do DIA DAS LETRAS GALEGAS, adicado este ano a XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO, a Biblioteca Municipal de Xove convoca dous Concursos, un Literario e outro de Artes Plásticas, destinados ambos a nenos/as e rapaces/as do noso Concello, dende 4º de Infantil a 4º de ESO. Con isto, dende o Concello de Xove preténdese, por unha banda, un apoio á lingua galega, e por outra, estimular á nosa xuventude naquelas artes máis relacionadas cos seus estudos académicos.*

**BASES**

**CONCURSO LITERARIO:** *Os participantes neste Concurso poderán optar libremente por:*

- *Realizar poesía: poemas de medida e tema libres.*
- *Escribir un relato ou conto: de tema libre.*
- *Facer unha redacción: obrigatoriamente sobre a vida e/ou obra de XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO.*

No Concurso Literario poderán participar nenos/as a partir de 1º de Primaria ata 4º de ESO, ambos incluídos. Loxicamente, os nenos/as de 4º, 5º e 6º de Infantil están excluídos deste Concurso por razóns obvias.

**CONCURSO DE ARTES PLÁSTICAS:** Neste caso, os participantes poderán optar libremente por:

- Realizar un debuxo: de tema e composición libres.
- Realización dun cómic: obrigatoriamente sobre a vida e/ou obra de XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO.

As técnicas a empregar tanto en debuxo como en cómic, quedan á elección do autor, podendo empeñarse mesmo o “collage”.

-Loxicamente, e non podería ser doutra maneira tratándose dun Concurso adicado ás Letras Galegas, o idioma empregado en tódolos traballos presentados será obrigatoriamente o galego.

-Os traballos deberán presentarse en folios, tamaño A4, por unha soa cara, figurando na parte posterior dos mesmos, ou sexa, na cara que queda en branco, o nome e apelidos, idade, curso e colexio ou instituto do participante.

No momento da entrega do traballo na Biblioteca Municipal HABERÁ QUE CUBRIR A “FICHA DE INSCRICIÓN” establecida, incluíndo os datos seguintes: nome e apelidos do/a concursante, curso e colexio/instituto no que estuda, enderezo onde vive, nome e apelidos e DNI do pai, nai ou titor/a (maior de 18 anos) e un tfno. de contacto.

-En calquer dos dous concursos, cada traballo que se presente non poderá ocupar máis de dous folios por unha soa cara. En ningún caso se poderá realizar o traballo (poesía, redacción, debuxo, cómic, etc.) polas dúas caras dun mesmo folio.

-Calquer participante poderá participar nas modalidades que desexe, ou sexa, poderá presentar máis dun traballo, podendo participar, por poñer exemplo, cunha poesía, cunha redacción, cun debuxo e cun cómic. Non hai límite, xa que o que a organización pretende é que se realice o maior número de traballos posible.

- A recepción dos traballos, que haberá que entregar obrigatoriamente na Biblioteca Municipal de Xove, rematará o LUNS 5 DE MAIO ÁS 20:30 HORAS.

-Os cursos participantes neste Concurso, son: 4º Infantil, 5º Infantil, 6º Infantil, 1º de Primaria, 2º de Primaria, 3º de Primaria, 4º de Primaria, 5º de Primaria, 6º de Primaria, 1º de ESO, 2º de ESO, 3º de ESO e 4º de ESO. A Organización otorgará tres premios (un primeiro, un segundo e un terceiro) por curso para cada un dos Concursos; polo tanto, para cada curso haberá 6 premios (3 para o Concurso Literario e 3 para o de Artes Plásticas), agás para os de Infantil (nenos/as de 3, 4 e 5 anos), que terán 3 premios por curso, dado que só poden participar no Concurso de Artes Plásticas.

-O Xurado do Concurso Letras Galegas 2014 estará formado por:

3 representantes de asociacións do noso Concello, 1 por asociación.

1 representante da ANPA do CEIP Pedro Caselles

1 representante do CEIP Pedro Caselles e 1 representante do IES Illa de Sarón.

A Bibliotecaria Municipal como representante do Concello de Xove.

Actuará como Secretario do Xurado o Técnico Municipal de Cultura e Comunicación do Concello, o cal terá voz pero non voto nas funcións do mesmo, encargándose ademais de elaborar a acta de resolución do Concurso.

Para formación do Xurado, a Organización do Concurso Letras Galegas 2014 invitará as anteriores entidades e institucións culturais-educativas a que envíen un/a representante para o xurado do Concurso, debendo comunicarlle á organización o nome do mesmo antes do 30 de abril do presente ano. Se algunha das entidades anteriores non enviara representante, por parte da Organización trataríase de buscar un sustituto, e se non fose posible, o Xurado quedaría igualmente constituído polos restantes representantes.

O Xurado reunirse, para resolver os premios do Concurso, no lugar día e hora que se decida de común acordo coa Organización; loxicamente, terá que ser despois da data límite de recepción dos traballos.



*O fallo do Xurado será dado a coñecer oportunamente para que os premiados poidan acudir á entrega dos premios, os cales consistirán en diploma acreditativo e un lote de libros/material escolar. A entrega de premios farase no lugar, día e hora que a Organización decida, tendo esta que comunicalo coa suficiente antelación.*

*-Os traballos premiados poderán ser utilizados polo Concello na realización de publicacións, promocións e outros. Cando se produza algún destes casos, o Concello estará obrigado a que o nome do autor/a do traballo utilizado figure nun lugar ben visible da publicación, promoción, etc.*

*- A participación nos devanditos Concursos supón a aceptación destas BASES.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

- 1º.- Aprobar as bases reguladoras da concesión de Premios do Concurso das letras galegas 2014.
- 2º.- Ordear a súa publicación na páxina web municipal e mediante anuncios no taboleiro de anuncios do concello ou calquera outro medio.
- 3.- *Pola súa consideración de premio en especie, o establecemento ou establecementos comerciais nos que se adquiran os lotes de libros ou material escolar, deberá emitir factura a nome do beneficiario do premio ou do seu titor legal. Non obstante dita factura será abonada polo Concello.*

### **D.33)SOLICITUDE DA A.N.P.A. DO CEIP PEDRO CASELLES ROLLAN DE SUBVENCIÓN PARA ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.**

Visto a solicitude de D<sup>a</sup> Inés Díaz Campo, como presidente da A.N.P.A. do colexio Pedro Caselles Rollán, con CIF: G27037787 e domicilio a efectos de notificación en C/Agramonte, 23 (27870 Xove).

Visto que na Base 31 das de Execución do Orzamento municipal para o exercicio 2014 se prevé unha subvención de carácter nominativo ou directo para a devandita asociación/clube por importe de 2.200 €.

Visto que a documentación presentada cumpre con todos os requisitos establecidos na Base 32.

Visto o conforme da Interventora municipal acreditando a existencia de crédito na partida 324.489.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A concesión da subvención económica nominativa por importe de 2.200€ para actividades da ANPA durante o curso escolar 2013-2014.

2º) De acordo coa Base 33 das de Execución do Orzamento Municipal para 2014, o libramento en concepto de anticipo da cantidade de 1.540€, correspondente ó 70% da subvención concedida.

No caso de que o beneficiario non xustifique de xeito debido a subvención concedida, deberá proceder ao reintegro do anticipo abonado, que se considerará ingreso de dereito público, podendo esixirse de ser necesario pola vía de constrinximento, con independencia das responsabilidades a que houbera lugar.

3º) Establecer como obrigas do beneficiario da axuda todas as relacionadas no artigo 7 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove.

4º) Establecer, consonte ao disposto na Base 35 das de Execución do Orzamento Municipal para 2014, o seguinte réxime de xustificación da subvención:

- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Unha relación desagregada de cada un dos gastos realizados con motivo da actividade subvencionada (distinguindo entre gasto total e gasto subvencionable).
- Facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa (nóminas, TCs, cartas de pagamento oficiais, etc.). As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos para a súa expedición no R.D. 1496/2003, ademais de estar datadas no período subvencionable.

- Deberá aportarse o orixinal que será obxecto de unha estampilla. O estampillado consistirá nunha impresión sobre o documento orixinal da expresión “documento xustificativo da subvención outorgada polo Concello de Xove para .....” . Unha vez estampillada a factura, efectuarase copia cotexada da mesma aos efectos da devolución do documento orixinal ao beneficiario.

Con carácter excepcional aceptarase a xustificación do pagamento mediante “recibín” do provedor para gastos de escasa contía por importes inferiores a 50 euros.

Caso de que unha parte da documentación presentada para a xustificación da subvención consista na concesión de premios, esta deberá ir asinada polo perceptor do premio mailo representante legal da entidade beneficiaria da axuda.

De acordo co artigo 31.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, considerarase como gasto realizado aquel gasto do que se teña constancia documental sen necesidade de que figure efectivamente pagado no momento da xustificación da subvención. Non obstante, todo beneficiario dunha subvención nominativa do Concello deberá presentar os documentos acreditativos do pagamento dos gastos presentados como xustificante antes do 20 de decembro do ano correspondente. Entenderase por documento acreditativo de pagamento, extracto ou certificación bancaria de transferencia, salvo que se trate de pagos inferiores a 100 euros no que se admitirá a expresión “pagado” estampillada na factura polo establecemento comercial correspondente. A estes efectos, en ningún caso poderá obter a condición de beneficiario dunha nova subvención municipal aquela asociación que non tivera presentado os xustificantes de pago correspondentes.

- Relación desagregada de todos os ingresos que financian a actividade (fondos propios, axuda concedida do Concello, outras axudas, etc.)

No seu caso, un exemplar da documentación impresa xerada pola actividade que acredite a participación do Concello no financiamento da actividade subvencionada.

- Certificados acreditativos de non ser debedor á Facenda Estatal, Autonómica, Seguridade Social nin ao Concello de Xove. Non obstante, no momento da solicitude da subvención, o peticionario deberá indicar se autoriza ou non ao Concello de Xove para a obtención de oficio destes certificados.
- Consonte ó artigo 24 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, para axudas de importe inferior a 3.000,00 €, non se esixirán estas certificacións, que serán substituídas por unha nova declaración de non ter débedas pendentes con aqueles organismos.
- Declaración xurada de outras axudas solicitadas ou concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados para o mesmo fin.
- Certificación acreditativa do cumprimento dos requisitos e condicións da subvención así como da realización da actividade ou proxecto subvencionable e o cumprimento da finalidade para a que aquela foi concedida. (Modelo que se facilitarán ao efecto).
- Certificación acreditativa de que o importe do IVE dos gastos en que se incurriu non resulta recuperable por ningún concepto de acordo coa lexislación vixente (modelo que se facilitará ao efecto).

A xustificación das subvencións deberá realizarse antes do 20 de decembro do ano correspondente.

Toda a documentación presentada deberá vir asinada polo representante legal da entidade ou asociación.

#### **D.34) SOLICITUDE DA ASOCIACIÓN CULTURAL-DEPORTIVA XOVE DE SUBVENCIÓN PARA ESCOLAS DEPORTIVAS 2014.**

Visto a solicitude de D. Ovidio Rouco Otero, como Tesoureiro da Asociación Cultural, Deportiva Xove, con CIF:G27284520 e domicilio a efectos de notificación en c/ Camiño Real, 34 4º I (Xove)

Visto que na Base 31 das de Execución do Orzamento municipal para o exercicio 2014 se prevé unha subvención de carácter nominativo ou directo para a devandita asociación/clube por importe de 21.000 €.

Visto que a documentación presentada cumpre con todos os requisitos establecidos na Base 32.

Visto o conforme da Interventora municipal acreditando a existencia de crédito na partida 341.489.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A concesión da subvención económica nominativa por importe de 21.000€ para Escolas Deportivas durante o ano 2014.

2º) De acordo coa Base 33 das de Execución do Orzamento Municipal para 2014, o libramento en concepto de anticipo da cantidade de 14.700€, correspondente ó 70% da subvención concedida.

No caso de que o beneficiario non xustifique de xeito debido a subvención concedida, deberá proceder ao reintegro do anticipo abonado, que se considerará ingreso de dereito público, podendo esixirse de ser necesario pola vía de constrinximento, con independencia das responsabilidades a que houbera lugar.

3º) Establecer como obrigas do beneficiario da axuda todas as relacionadas no artigo 7 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove.

4º) Establecer, consonte ao disposto na Base 35 das de Execución do Orzamento Municipal para 2014, o seguinte réxime de xustificación da subvención:

- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Unha relación desagregada de cada un dos gastos realizados con motivo da actividade subvencionada (distinguindo entre gasto total e gasto subvencionable).
- Facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa (nóminas, TCs, cartas de pagamento oficiais, etc.). As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos para a súa expedición no R.D. 1496/2003, ademais de estar datadas no período subvencionable.
- Deberá aportarse o orixinal que será obxecto de unha estampilla. O estampillado consistirá nunha impresión sobre o documento orixinal da expresión “documento xustificativo da subvención outorgada polo Concello de Xove para .....”. Unha vez estampillada a factura, efectuarase copia cotexada da mesma aos efectos da devolución do documento orixinal ao beneficiario.

Con carácter excepcional aceptarase a xustificación do pagamento mediante “recibín” do provedor para gastos de escasa contía por importes inferiores a 50 euros.

Caso de que unha parte da documentación presentada para a xustificación da subvención consista na concesión de premios, esta deberá ir asinada polo receptor do premio mailo representante legal da entidade beneficiaria da axuda.

De acordo co artigo 31.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, considerarase como gasto realizado aquel gasto do que se teña constancia documental sen necesidade de que figure efectivamente pagado no momento da xustificación da subvención. Non obstante, todo beneficiario dunha subvención nominativa do Concello deberá presentar os documentos acreditativos do pagamento dos gastos presentados como xustificante antes do 20 de decembro do ano correspondente. Entenderase por documento acreditativo de pagamento, extracto ou certificación bancaria de transferencia, salvo que se trate de pagos inferiores a 100 euros no que se admitirá a expresión “pagado” estampillada na factura polo establecemento comercial correspondente. A estes efectos, en ningún caso poderá obter a condición de beneficiario dunha nova subvención municipal aquela asociación que non tivera presentado os xustificantes de pago correspondentes.

- Relación desagregada de todos os ingresos que financian a actividade (fondos propios, axuda concedida do Concello, outras axudas, etc.)

No seu caso, un exemplar da documentación impresa xerada pola actividade que acredite a participación do Concello no financiamento da actividade subvencionada.

- Certificados acreditativos de non ser debedor á Facenda Estatal, Autonómica, Seguridade Social nin ao Concello de Xove. Non obstante, no momento da solicitude da subvención, o peticionario deberá indicar se autoriza ou non ao Concello de Xove para a obtención de oficio destes certificados.
- Consonte ó artigo 24 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, para axudas de importe inferior a 3.000,00 €, non se esixirán estas certificacións, que serán substituídas por unha nova declaración de non ter débedas pendentes con aqueles organismos.
- Declaración xurada de outras axudas solicitadas ou concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados para o mesmo fin.
- Certificación acreditativa do cumprimento dos requisitos e condicións da subvención así como da realización da actividade ou proxecto subvencionable e o cumprimento da finalidade para a que aquela foi concedida. (Modelo que se facilitarán ao efecto).
- Certificación acreditativa de que o importe do IVE dos gastos en que se incurriu non resulta recuperable por ningún concepto de acordo coa lexislación vixente (modelo que se facilitará ao efecto).

A xustificación das subvencións deberá realizarse antes do 20 de decembro do ano correspondente.

Toda a documentación presentada deberá vir asinada polo representante legal da entidade ou asociación.

#### **D.35) APROBACION DAS BASES REGULADORAS DAS AXUDAS PARA O REMATE EXTERIOR (LUCIDO DE FACHADAS) E ACONDICIONAMENTO DO ENTORNO E DOS ACCESOS A VIVENDAS UNIFAMILIARES CON MÁIS DE CINCO DE ANOS DE ANTIGÜIDADE DENDE AS VÍAS DE TITULARIDADE PUBLICA, E PARA A CONSTRUCCION OU ACONDICIONAMENTO DE MUROS OPACOS DE PECHE DE SOLARES NO CASCO URBANO DE XOVE , ASÍ COMO A CONVOCATORIA PARA O PRESENTE EJERCICIO 2014.**

Por Secretaría dáse conta á Xunta de Goberno Local das bases elaboradas polos Servizos Municipais relativas ás devanditas axudas para o remate exterior (*lucido de fachadas*) e *acondicionamento do entorno e dos accesos a vivendas unifamiliares con máis de cinco de anos de antigüidade dende as vías de titularidade pública, así como a construción ou acondicionamento de muros opacos de peche de solares no casco urbano de Xove*, os efectos dunha nova apertura do prazo das solicitudes durante o ano 2014, que se transcriben de seguido:

#### **BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DAS AXUDAS MUNICIPAIS PARA O REMATE EXTERIOR (LUCIDO DE FACHADAS) E ACONDICIONAMENTOS DO ENTORNO E ACCESOS A VIVENDAS UNIFAMILIARES NO TÉRMINO MUNICIPAL CON MÁIS DE CINCO DE ANOS DE ANTIGÜIDADE DENDE AS VÍAS DE TITULARIDADE PUBLICA E PARA CONSTRUCCION OU ACONDICIONAMENTO DE MUROS OPACOS DE PECHE DE SOLARES NO CASCO URBANO DE XOVE .**

*O Concello de Xove desde fai anos puxo en marcha unha liña de axudas destinada dunha banda a paliar no posible o problema do “feísmo urbanístico “ e doutra banda a melloras condicións de habitabilidade das vivendas unifamiliares como unha medida máis tendente a evitar en xeneral o “ feísmo “ e en particular o despoboamento dos núcleos rurais do Concello.*

*Neste intre coa grave crisis económica que estamos a sufrir considerase axeitado facer desde o Concello un esforzo económico e restablecer para este exercicio as axudas para o remate exterior ( lucido de fachadas) e acondicionamentos do entorno e dos accesos a vivendas unifamiliares con máis de cinco de anos de antigüidade dende as vías de*

titularidade pública engadindo como actuación subvencionable a construción e/ou acondicionamento de muros de peche no casco urbano de Xove por razóns de seguridade e salubridade públicas.

Debese salientar que o procedemento establecido por estas bases é o de concorrencia non competitiva que fixa a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, de maneira que se concederán axudas aos solicitantes que cumpran cos requisitos para ser beneficiarias, na orde de presentacións das mesmas e ata o límite da contía presupostaria habilitada.

### **BASES REGULADORAS**

#### **PRIMEIRA.- RÉXIME XURÍDICO.-**

A concesión das prestacións municipais baixo a denominación de axudas municipais para o remate exterior ( lucido de fachadas) e acondicionamentos do entorno e accesos a vivendas unifamiliares no termino municipal con máis de cinco de anos de antigüidade dende as vías de titularidade pública e para construción ou acondicionamento de muros opacos de peche de solares no casco urbano de Xove rexérase directamente polo disposto nas presentes bases, pola Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove, Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e no que sexa de aplicación, os RD 887/2006, de 21 de xullo e Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro.

#### **SEGUNDA.- OBXECTO E NATUREZA.-**

1.- Constitúe obxecto das presentes bases a regulación do procedemento aplicable para o outorgamento de axudas municipais para o remate exterior (lucido de fachadas) e acondicionamentos do entorno e accesos a vivendas unifamiliares no termino municipal con máis de cinco de anos de antigüidade dende as vías de titularidade pública e para construción ou acondicionamento de muros opacos de peche de solares no casco urbano de Xove consideradas tales como as prestacións económicas de carácter non periódico que teñen como obxectivo dunha banda que tódolos veciños de Xove poidan remata-lo exterior das súa vivenda unifamiliar quedando estas protexidas da humidade e o clima, en axeitadas condicións de salubridade e seguridade mediante a utilización de materiais respectuosos co entorno coa paisaxe e coa tipoloxía tradicional da zona e que ditas vivendas contén cun entorno de acceso dende as vías de titularidade pública en axeitadas condicións de uso e seguridade viaria, e doutra banda colaborar co obxectivo de erradicar do casco urbano os focos de insalubridade e inseguridade que constitúen os solares abertos con fronte a vía pública.

2.- Están dirixidas a persoas individuais que sexan propietarios dunha vivenda unifamiliar, con máis de cinco anos de antigüidade contados a partir da data fixada na preceptiva convocatoria de apertura do prazo para a presentación de solicitudes ou sexa propietario de solar ou finca ubicada no casco urbano con fronte a vial público.

3.- As axudas terán en todo caso natureza finalista, debendo destinarse unicamente ao obxecto para o que foron concedidas.

4.- Terán carácter intransferible e polo tanto non poderán:

- Ofrecerse en garantía de obrigas
- Ser obxecto de cesión total ou parcial
- Ser obxecto de compensación ou desconto, salvo para o reintegro das prestacións indebidamente percibidas

#### **TERCEIRA.- CRÉDITO ORZAMENTARIO.-**

A contía máxima destinada ás presentes axudas é de 20.000'00 € (partida 152.789 do Estado de Gastos do Orzamento Municipal).

Ao tratarse de un procedemento administrativo que non leva aparelado o esgotamento do crédito nun só acto de concesión senón que a súa disposición se realiza en actos sucesivos, e tal e como dispón o artigo 31.4 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, no momento do esgotamento da partida orzamentaria asignada non poderán admitirse

posteriores solicitudes destinadas a participar nel, salvo que se recorra a un incremento do crédito orzamentario ou se recorra a unha nova convocatoria, do xeito establecido no artigo 31.2 da lei anterior.

#### **CUARTA.- CRITERIOS DE VALORACIÓN.-**

Sempre e cando se reúnan os requisitos establecidos nas seguintes bases, exceptúase o requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas non sendo necesario polo tanto a comparación entre as mesmas, co límite do crédito orzamentario existente para a convocatoria.

#### **QUINTA.- TIPOS DE AXUDAS E CONTÍAS**

##### **5.1.- Tipos de axudas**

- 1.- Remate exterior ( lucido de fachadas) en vivendas unifamiliares con máis de cinco de anos de antigüidade.
- 2.- Acondicionamentos do entorno e dos accesos a vivendas unifamiliares con máis de cinco de anos de antigüidade dende as vías de titularidade pública.
- 3.- Construción ou acondicionamento de muros opacos de peche de solares no casco urbano de Xove

5.2.- Contías.- A contía da subvención que en ningún caso poderá superar ós 450'00 € por solicitante e vivenda ou solar determinarase en función do presuposto das obras a executar. Con carácter xeral, as axudas tramitaranse para atender un só concepto, e só con carácter excepcional motivado mediante informe do Arquitecto Técnico Municipal poderán solicitarse por varios conceptos, en cuxo caso o importe máximo da axuda será o que corresponda á suma de tódolos conceptos, sen que en ningún caso podan superarse en total a contía máxima de 450'00 €.

#### **SEXTA.- BENEFICIARIOS DAS AXUDAS**

Poderán solicitar estas axudas aqueles veciños/as de Xove que sexan propietarios dunha vivenda unifamiliar con máis de cinco anos de antigüidade e o/os propietario/s de solares ou fincas ubicadas no casco urbano de Xove con fronte a vial público.

En ningún caso poderán solicitar estas axudas aquelas persoas que xa houberan obtido nos últimos cinco anos unha axuda municipal para o mesmo concepto ou finalidade, en consecuencia estas persoas si poderán solicitar a axuda se o concepto e/ou finalidade son distintos.

#### **SÉTIMA.- SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN**

1.- Os interesados na obtención destas axudas deberán formular a súa solicitude no modelo establecido ao efecto, acompañando a seguinte documentación:

- Documentación acreditativa da personalidade do solicitante ( Copias Autenticadas do D.N.I. e do N.I.F. )
- Documentación acreditativa de que o solicitante é o propietario da vivenda ou do solar ( Escritura Pública e/ou Certificación Catastral )
- Acreditación de que a vivenda ten unha antigüidade superior ós cinco anos, extremo que deberá acreditarse coa presentación da correspondente licenza de primeira ocupación o no seu defecto cun informe emitido polos servizos técnicos municipais acreditativo da antigüidade da vivenda.
- Declaración Xurada , no Modelo que o efecto se facilitará nas Oficinas Municipais , asinada polo solicitante acreditativa de que a vivenda non está incurso en ningún procedemento de disciplina ou de reposición da legalidade urbanística.
- Declaración Xurada , no Modelo que o efecto se facilitará nas Oficinas Municipais , asinada polo solicitante de estar o corrente do pago de tódolos tributos municipais e non ter débedas coa facenda municipal.

- *Declaración xurada de non ter solicitado nin percibidos de calquera outra administración ou organismo público axudas ou subvencións para a mesma finalidade segundo o modelo que ó efecto se facilitará nas Oficinas Municipais.*
- *Memoria Valorada ( acompañada de fotografías que acrediten o estado das fachadas / ou do entorno e os accesos desde a vía de titularidade pública / ou do muro a acondicionar / ou do fronte ó vial sen muro de peche ) na que se acredite o estado da fachada, do entorno, dos accesos, ou do muro a acondicionar ou a construír e as obras que se pretendan efectuar con descrición valorada dos materiais a utilizar, materiais que nas súas características estéticas e construtivas deberán ser acordes cos do entorno.*

*En calquera caso o presuposto total das obras a executar non poderá ser inferior á contía da axuda a percibir.*

*Simultaneamente coa presentación da solicitude de subvención deberá presentarse a correspondente comunicación previa das obras a efectuar.*

*2.- As solicitudes poderán presentarse no Rexistro Municipal do Concello ben de xeito presencial ou por calquera outro procedemento previsto na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.*

*No caso de adoeecer de defectos subsanables, requirirase, no seu caso, ao interesado para que proceda á subsanación de erros ou para a aportación da documentación necesaria nun prazo de 10 días hábiles, apercibíndolle que en caso contrario entenderáselle por desistido da súa petición, de conformidade co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.*

*Unha vez aprobada a axudas as obras deberán executarse no prazo máximo de tres meses contado a partir da notificación da aprobación ao interesado.*

*3.- As solicitudes deberán presentarse desde o 1 de abril de 2014 ata o 30 de xuño de 2014. O citado prazo será publicitado mediante Bandos que se colocarán nos lugares habituais do termo municipal e mediante Anuncio na web municipal ( [www.xove.es](http://www.xove.es) )*

#### **OITAVA.- INSTRUCCIÓN E TRAMITACIÓN DO PROCEDIMENTO**

*1.- A instrucción do procedemento corresponderá aos Servicios Técnicos Municipais.*

*2.- A competencia para coñecer e resolver as solicitudes de axudas corresponderá á Xunta de Goberno Local.*

#### **NOVENA.- CAUSAS DE DENEGACIÓN DAS SOLICITUDES**

*Serán denegadas motivadamente aquelas solicitudes que incumpran as presentes bases.*

#### **DÉCIMA.- MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN**

*Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e eventualmente á súa revogación e reinteiro, se fose o caso.*

#### **UNDÉCIMA.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS**

*Os solicitantes das axudas están obrigados a:*

*-Aplicar as prestacións económicas á finalidade para a que se outorgaron*

*-Reintegrar o importe das prestacións indebidamente percibidas*

*-Comparecer ante o Concello e colaborar co mesmo cando sexa requirido para iso con motivo da xestión das axudas concedidas.*

#### **DUODÉCIMA.- PRAZO E DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DO GASTO**

*As axudas concedidas deberán estar xustificadas en todo caso antes do 31 de outubro de 2014.*

*Excepcionalmente, naqueles supostos nos que a execución da obra estea condicionada pola previa e preceptiva autorización de calquera outro organismo administrativo ( Diputación Provincial, Servicio provincial de costas, Servicios de Usos do Litoral, Comisión Provincial de Patrimonio, Augas de Galicia ou Servicio Provincial de Urbanismo ) os prazos de*

*execución anteriormente citados se interromperán ata a obtención e notificación da correspondente autorización.*

*Rematadas as obras obxecto de subvención o solicitante deberá comunica-lo mediante escrito dirixido á Oficina Técnica Municipal ó que se acompañara fotografías do estado da fachada unha vez executadas as obras así como os orixinais ou copias autenticadas das facturas abonadas polos traballos efectuados.*

*Recibida a solicitude o Arquitecto Técnico Municipal efectuará unha visita de inspección e a resultas da mesma emitirá informe no que se acredite a correcta execución da obras proponendo á Xunta de Goberno Local a aprobación do abono da subvención outorgada.*

*No caso de que o Informe antedito acreditará a non execución ou a execución incompleta ou incorrecta das obras se dará traslado do mesmo ó solicitante para que se é posible, e sempre que non se houbera esgotado o prazo de execución, proceda á subsanación ou remate das obras dentro do prazo execución fixado no acordo de concesión ou no de prórroga se fose o caso.*

*Completadas ou subsanadas as obras o solicitante deberá comunicalo á Oficina Técnica Municipal consonte ao anteriormente sinalado para proceder a efectua-la visita e a emiti-lo informe previstos.*

*Deberá aportarse ademais a seguinte documentación:*

- *Declaración xurada de outras axudas concedidas para a mesma finalidade por outras administracións ou entes públicos ou privados*
- *Certificación acreditativa do cumprimento dos requisitos e condicións da axuda así como da realización do gasto subvencionado e o cumprimento da finalidade para a que aquela foi concedida (modelo que se facilitará ao efecto)*

#### **DÉCIMOSEGUNDA.- REVOGACIÓN DAS AXUDAS**

*A utilización da axuda para finalidade distinta daquela para a que foi concedida constituirá causa determinante da revogación da axuda e do seu inmediato reintegro, previo requirimento polo órgano competente.*

*Igualmente, a falsidade ou ocultamento de calquera dos datos declarados polos solicitantes poderá dar lugar á revogación da axuda solicitada e a esixencia do reintegro das cantidades entregadas, no seu caso.*

#### **DÉCIMOTERCEIRA.- COMPATIBILIDADES**

*As axudas previstas nas presentes bases son compatibles con calquera outra axuda concedida por outras administracións ou institucións, públicas ou privadas, sempre que en todo caso, o montante global das axudas non supere o coste económico da necesidade que se pretende atender.*

#### **DÉCIMOCUARTA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

*A presentación dunha solicitude de axuda supón a aceptación incondicional das presentes bases e das condicións, requisitos e obrigas contidas nestas.*

*A concorrencia ao proceso de concesión de subvencións implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei Orgánica 15/99, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente a xestión e tramitación do expediente correspondente.*

#### **DISPOSICIÓN FINAL**

*As presentes Bases entrarán en vigor no momento da súa aprobación e publicación na páxina web municipal [www.xove.es](http://www.xove.es) e permanecerán en vigor en tanto en canto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.*

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria acorda:

- 1º) Aprobar estas bases reguladoras e proceder á convocatoria das axudas municipais para o remate exterior (lucido de fachadas) e acondicionamentos do entorno e accesos a vivendas unifamiliares no termino municipal con máis de cinco de anos de antigüidade



dende as vías de titularidade pública e para construción ou acondicionamento de muros opacos de peche de solares no casco urbano de Xove.

- 2º) Autorizar o gasto de 20.000,00 € con cargo á partida 152.789 do Estado de Gastos para vixente Orzamento Municipal para o exercicio de 2014.
- 3º) Ordear a súa publicación na páxina web municipal e mediante anuncios no taboleiro de anuncios do concello e mediante bandos no lugares habituais.
- 4º) A apertura do prazo para as solicitudes destas axudas dende o **1 de abril de 2014 ata o 30 de xuño de 2014**.

Sen máis asuntos que tratar, sendo as once horas e trinta minutos, polo Sr. Alcalde-Presidente, remátase a sesión, estendéndose a acta presente, de todo o que, como Secretario, dou fé.

Vº e Pr.

**O ALCALDE,**

**O SECRETARIO,**

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo. Luís María Fernández del Olmo.

